

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 16 DE XULLO DE 2024 POLA QUE SE PROCEDE A MODIFICAR A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO CORRESPONDENTE AO ANO 2023.

O presidente da Deputación de Lugo en data 16.07.2024 ditou, entre outras, a seguinte resolución que se reproduce de xeito literal:

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“A OEP da Deputación Provincial de Lugo correspondente ao ano 2023, foi aprobada por resolución da presidencia de data 28.12.2023 e publicada no BOP núm. 298, do 30.12.2023, incluíndose na mesma sete prazas dentro do apartado “IC) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (D. Adicional 8ª Lei 20/2021, de 28 de decembro- autorizada polo art. 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño) que cumprían os criterios establecidos para ser cubertas mediante o sistema fixado na DA8ª da Lei 20/2021.

Segundo o establecido no artigo 217 do RDL 5/2023 no que se sinala que “autorízase unha taxa adicional ás Administracións Públicas para que convoquen procesos selectivos conforme á disposición adicional octava da lei 20/2021 (...). O número de prazas da taxa adicional será o equivalente a aquelas de natureza estrutural, ocupadas de forma temporal a 30 de decembro 2021, por persoal cunha relación desa natureza anterior ao 1 de xaneiro 2016, que non houberan superado o proceso de estabilización convocado cun sistema selectivo distinto ao previsto na disposición adicional oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro. As ofertas de emprego público deberán estar aprobadas antes do 31 de decembro de 2023, e as convocatorias resoltas antes do 31 de decembro de 2024, axustándose aos principios de igualdade, mérito, capacidade e libre concorrència”.

Na OE da Deputación Provincial de Lugo correspondente ao ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de data 25.05.2022 e publicada no BOP núm. 120, do 27.05.2022, inclúese no apartado IB) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (art.2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro): IB)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO ACCESO LIBRE: CUPO XERAL, a praza número 877 denominada TÉCNICO/A XESTIÓN, Grupo A, Subgrupo A2, a través dun proceso selectivo de concurso oposición.

Tendo en conta que a praza 877 cumpría os requisitos fixados no artigo 217 do Real Decreto Lei 5/2023 do 28 de xuño, e que a persoa que ocupaba temporalmente a mesma, non superou o proceso selectivo convocado por concurso-oposición, contéplase a posibilidade de modificar a Oferta de Emprego 2023, incorporando dita praza dentro do apartado “IC) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (D. Adicional 8ª Lei 20/2021, de 28 de decembro- autorizada polo art. 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), a través dun sistema selectivo de concurso.

Considerando os prazos legais previstos na Lei 20/2021, e á vista da resposta emitida pola Dirección Xeral de Función Pública do Ministerio de Facenda e Administración Pública, en relación á consulta sobre o criterio a seguir na aplicación de ditos prazos, na que a data crave a cumprir será a do 31 de decembro de 2024, aínda que se produzan disfuncións nas datas anteriores, por considerarse satisfeito o obxectivo final, sempre e cando se cumpra o prazo último fixado do 31 de decembro 2024. Este mesmo criterio podería ser interpretado para fixar os prazos do RDL 5/2023 cando indica que “as ofertas de emprego público deberán estar aprobadas antes do 31 de decembro 2023, e as convocatorias resoltas antes do 31 de decembro de 2024, axustándose aos principios de igualdade, mérito, capacidade e libre concorrència”.

Tendo en conta que a praza 877 non pode volver a convocarse porque vai a ser ocupada por unha persoa aspirante que superou o proceso selectivo convocado polo Art. 2 da Lei 20/2021. Comprobado que no cadro de persoal funcionario da Deputación provincial de Lugo, figura vacante a praza número 876 denominada TÉCNICO/A DE XESTIÓN; entendendo que a OEP da Entidade cumpriu os prazos, e que a situación detectada con posterioridade débese recoller na mesma; sometido o asunto á Mesa Xeral de negociación de data 7 de xuño 2024 e sendo aprobado pola maioría sindical; propónse á presidencia que, conforme ao sinalado no artigo 34.1,g) da LRBRL e no artigo 54.18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP número 202, do 3 de setembro do 2020), RESOLVA:

1º.- Modificar a Oferta de Emprego do ano 2023 aprobada pola Presidencia en data 28.12.2023 (BOP núm. 298 de 30.12.2023) incluíndo no apartado “IC) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (D. Adicional 8ª Lei 20/2021, de 28 de decembro - autorizada polo art. 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), a praza que a continuación se sinala:

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
A-A2	876	TÉCNICO/A XESTIÓN	1420	TÉCNICO/A XESTIÓN ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala xestión

2º.- Publicar a presente modificación no Boletín Oficial da Provincia cos recursos que procedan.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes."

O que se fai público en cumprimento do determinado no artigo 70.2 do RDL 5/201 5, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa, polo que contra esta, as persoas interesadas poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a presidencia da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses dende a citada publicación, e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 16 de xullo de 2024.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2150

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 17-07-2024
ata a día 17-08-2024

O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.

